

**TERRITÓRIO**  
arousa norte

# **ROTEIRO A MOTOR**



**arousa norte**



Arousa Norte garda infinidade de segredos. Algúns deles foron forxados durante séculos pola forza da natureza, a auga ou o vento; outros erguéronse grazas ao traballo e á forza dos seus homes e mulleres.

O inexorable paso do tempo e a propia natureza crearon lugares prodixiosos dende os cales se pode gozar da beleza do territorio.

Os homes e mulleres, antigos habitantes ou contemporáneos, foron capaces de conservar estes elementos habitando o territorio e utilizando os recursos naturais para ofrecer novos sentidos ás súas vidas.

Cultura, historia, tradicións e natureza mestúranse en Arousa Norte creando unha simbiose entre o home e o medio.



## 1. Hórreo do Araño

Os seus 37,05 metros de celeiro e a súa cámara de 36,75 m<sup>2</sup> sitúan ao hórreo do Araño como o máis longo de Galicia e, tamén, coma o de maior capacidade. O seu tornarratos é corrido e configúrase como unha prolongación do chan da cámara de cantaría. Está cámara péchase con perpiaños horizontais en ringleira e non se marcan as columnas. No lugar onde se asenta podemos atopar tamén a casa reitoral e a igrexa parroquial de Santa Baia, a capela dos Milagres do Araño e un antigo pombal.

 42°41'39.5"N 8°48'04.0"W



a que se poden albiscar tanto aves rapaces que avistan ás súas presas, como infinidade de detalles dentro do mosaico natural e cultural de Rianxo e Boiro.

📍 42°41' 58"N 8°48' 31"W

## 2. Petróglifos dos Mouchos

As pegadas dos antigos habitantes do territorio seguen intactas dende hai milleiros de anos, a través das marcas na pedra que deixaron. A pesar de que se segue investigando ao respecto, aínda non se coñece con certeza o que tentaban transmitir cos debuxos e figuras que realizaron. Neste lugar pódense apreciar grandes cervos erguidos, con pescozos longos e cornamentas moi detalladas. Que queren transmitir os nosos antepasados con estas imaxes?

📍 42°38'30"N 8°47'34"W



## 4. Castros de Neixón

Neste lugar residían numerosas familias hai máis de 2.000 anos, e na esa época aproveitaban os recursos mariños. Elixiron este pequeno cabo para sacar o máximo partido de actividades como a pesca, a gandaría e a agricultura, e para lograr algo moi importante naquela época: defenderse facilmente do inimigo.

Este emprazamento castrexo é un dos máis importantes de Galicia e conta cun museo arqueolóxico onde se explica de xeito moi divulgativo como era a vida naquel lugar e se poñen en valor todos os obxectos atopados en escavacións arqueolóxicas.

📍 42°39'43.0"N 8°50'25W



## 3. Miradoiro Castro Barbudo

Este miradoiro érguese dende o nivel do mar ata unha altitude considerable, polo que permite gozar dunhas vistas privilexiadas debido ao grao de detalle visual que posibilita. Recentemente acondicionado e sinalizado, é un dos miradoiros máis fermosos da comarca xa que permite unha vista de altura dende



## 5. Miradoiro Coto da Filloa (A Figueira)

Preto do complexo megalítico da Serra do Barbanza, na aldea da Figueira, atópase este miradoiro. Pouco coñecido e frecuentado, ofrece unha das mellores vistas posibles da ría de Arousa. Quen falou do banco da ría de Vigo ou do de Ortegal? Arousa Norte conta co seu propio banco e, sen lugar a dúbidas, é o mellor de todos.

📍 42°41'37"N 8°54'46"W



## 6. Complexo Megalítico Serra do Barbanza

No alto da Serra do Barbanza atópanse infindade de vestixios arqueolóxicos utilizados hai miles de anos polos antigos poboadores coma homenaxe aos seus falecidos. Custa crer que sen

apenas desenvolvemento tecnolóxico, os antigos habitantes da zona fosen quen de arrastrar, pulir, tallar e erguer esas grandes lousas de pedra. Porén, o Complexo Megalítico Serra do Barbanza evidencia que a capacidade e o enxeño dos antigos poboadores era moi elevada para aquela época.

📍 42°42'16.3"N 8°55'50.9"W



## 7. Alameda e Xardíns Valle Inclán

Trátase da primeira gran alameda da comarca. Con multitude de especies vexetais é un dos espazos privilexiados da Pobra do Caramiñal. Un enclave ao que, durante o verán, os habitantes da vila acostuman acudir para disfrutar dun paseo á sombra das grandes follas dos pradairos; esas árbores tan comúns que podemos ver noutras alamedas como a de Rianxo.

📍 42°36'20.6"N 8°56'16.0"W





## 8. A Torre de Bermúdez

A 50 metros da praia do Areal atoparás un pazo singular de estilo renacentista que recorda os comezos dunha vila histórica xurdida no século XVI. Nel albérgase a sede do museo do escritor universal Ramón del Valle-Inclán. Está distinguido como Ben de Interese Cultural (BIC) e é o punto de partida da ruta literaria arredor da figura deste autor.

📍  $42^{\circ} 36' 11.9'' N 8^{\circ} 56' 15.9'' W$



## 9. Torre fortaleza de Xunqueiras

É un edificio de orixe medieval con portadas, claustro e balconadas construídas entre os séculos XV e XVIII. Trátase dunha construción que aínda conserva unha torre e un claustro de tempos feudais e que posúe a distinción de Ben de Interese Cultural (BIC).

📍  $42^{\circ} 35' 41.6'' N 8^{\circ} 56' 56.9'' W$



## 10. A Curota

Este miradoiro ofrece unha vista panorámica de 360°, que permite nos días soleados apreciar as illas Cíes ou Fisterra. Non hai que asustarse se durante unha visita á Curota unha vaca se cruza polo noso camiño: é unha das peculiaridades da Serra do Barbanza. Un lugar no que gandaría, a agricultura e a pesca se mesturan.

📍  $42^{\circ} 38' 09.2'' N 8^{\circ} 58' 39.6'' W$



## 11. Porto de Palmeira

No porto desta pequena vila, orixinaria do século XVIII, érguese unha gran rocha na que se atopa un pequeno miradoiro sobre a contorna. Neste enclave os palmeiráns levantaron un monumento en tributo aos emigrantes, que hoxe rexe esta localidade mariñeira.

📍  $42^{\circ} 34' 45'' N 8^{\circ} 57' 29'' W$



## 12. O Carreiro

Na poboación de Aguiño constrúese un pequeno paso dende o porto ata ese illote, dende o que se pode ver unha gran panorámica a nivel do mar e da illa de Sálvora, que forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Se noutros lugares era posible observar a paisaxe dende a altura, neste caso é posible palpar, ulir e saborear o mar.

📍 42°31'10.6"N 9°00' 38"W



## 13. Miradoiro Pedra da Ra

Dende este miradoiro pódese ver ao detalle o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán. A zona foi recentemente reformada mesturando o natural co contemporáneo. Unha arquitectura que se

alía coa natureza nun marco de evolución no que os galegos crearon vilas e cidades; conquistaron o mar e a serra.

📍 42°33'35"N 9°00'56"W



## 14. Castro da Cidá

Os antigos habitantes deste castro atoparon neste lugar un emprazamento privilexiado. Un lugar que, debido a súa forma, permitía aos habitantes protexerse dos ataques inimigos e desde o que avistaban o territorio, impondo o seu control e autoridade.

📍 42°33' 40"N 9°0' 48"W



## 15. Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

Este Parque Natural é unha área privilexiada para observar e documentar a fauna e a flora do territorio. Aquí atópanse

plantas e animais que se adaptaron á salinidade, á area e ao vento. A gran duna continúa movéndose, paseniño, dende hai centos de anos, aínda que case imperceptiblemente na vida dunha soa xeración. A capacidade de construír un complexo dunar, gran a gran, soamente a ten Riveira; así como a de ofrecer refuxio a especies de pequenos mamíferos, aves e flora característica.

📍 42°35'04.4"N 9°02'45.6"W



## 16. Faro de Corrubedo

A costa de Corrubedo é unha das máis perigosas do litoral galego debido ás fortes correntes mariñas e á gran ondata. Neste lugar ata os patróns máis veteranos poñen a proba toda a súa experiencia. Dende o ano 1853 este faro levántase fronte ao océano Atlántico como aviso ante os perigos da costa.

📍 42°34' 34.6"N 9°05' 23.4"W



## 17. Dolmen de Axeitos

Esta gran estrutura de pedra emprázase nun lugar espiritual que conecta dous mundos diferentes. Trátase dunha tumba construída polos antigos poboadores que continúa inmutable dende hai milleiros de anos.

📍 42°36' 00.9"N 9°01' 00.9"W



## 18. Parque Periurbano de San Roque

Este museo ao aire libre da prehistoria galega descobre ao visitante os inicios do poboamento de Riveira e outros elementos propios da cultura galega. Na entrada do parque sitúase o Centro de Interpretación Arqueolóxica e, ademais, conta con zonas de espaxemento para o goce do tempo libre.

📍 42°33' 33.9"N 9°00' 06.9"W



**arousa norte**

[www.arousa-norte.es](http://www.arousa-norte.es)

